Inaugurou no Parlamento unhas xornadas conmemorativas do XXV aniversario da aprobación da lei do Valedor do Pobo de Galicia

PILAR ROJO ANIMA ÁS ADMINISTRACIÓNS A ATENDER AS RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO, POR "OBRIGA LEGAL", PERO TAMÉN COMO "RESPONSABILIDADE MORAL"

- **A presidenta do Parlamento considera que o Valedor do Pobo "acadou a maioría de idade aos ollos dos cidadáns" e interpreta que as queixas recibidas supoñen unha "radiografía fiable da realidade social"**

Santiago, 22 de xuño de 2009.- "Atender as resolucións formuladas por institucións como o Valedor do Pobo supón non só unha obriga legal das Administracións, senón tamén, o cal non é menos transcendente, unha responsabilidade moral dos nosos gobernantes". Son palabras da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, esta tarde, no acto inaugural das xornadas organizadas para conmemorar os 25 anos transcorridos desde a aprobación da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

"Todo elo –agregou Pilar Rojo- cobra maior relevancia se cabe nun momento como o actual, no que a crise económica está afectando profundamente á calidade de vida da xente. Agora, máis ca nunca, os representantes das institucións democráticas debemos estar preto das persoas, dos seus problemas e inquedanzas, porque esa é a nosa responsabilidade e o noso deber".

ARMAZÓN INSTITUCIONAL

Rojo Noguera recordou que a creación de figuras como o Valedor do Pobo, alto comisionado do Parlamento de Galicia

para a defensa dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas, é unha consecuencia directa da vitalidade lexislativa da Cámara galega, na que destacan as leis que desenvolven mandatos específicos do Estatuto de Autonomía e "permiten erguer o armazón institucional do que gozamos hoxe en día".

PAPEL INSUBSTITUÍBLE

A presidenta do Parlamento valorou o papel xogado polo Valedor do Pobo, desde a súa creación. "Acadou a súa maioría de idade ante os ollos dos cidadáns, convencidos do papel insubstituíble que debe xogar como órgano de amparo ante determinados comportamentos dos poderes públicos", argumentou.

Neste sentido, apuntou que o contido das queixas recibidas polo Valedor do Pobo constitúen "unha radiografía fiable da realidade social na que vivimos".

Rojo Noguera aproveitou a súa intervención para reiterar a disposición do Parlamento que preside para "o diálogo, a lealdade e a colaboración permanente" co Valedor do Pobo de Galicia.

As xornadas inauguradas hoxe celébranse coa colaboración do Parlamento de Galicia e nelas participan, entre outras personalidades, o Defensor del Pueblo, o Valedor do Pobo de Galicia e os seus homólogos de diferentes Comunidades Autónomas.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es